

# **TAXA SINALIZACIÓN MARÍTIMA (Axudas á navegación e servizo de sinalización marítima)**

**En vigor dende 26/01/2014**

**Exercicios: 2014, 2015, 2016**

Art. 240 Real Decreto Lexislativo 2/2011

(B.O.E. do 25/01/2014) Real Decreto-Lei 1/2014 de 24/01/2014

(B.O.E. do 30/12/2014) Lei 36/2014 de Orzamentos Xerais Estado 2015

**Contía Básica (A + C) = (0.29 + 0.28) = 0.57 €**

**1. a) Taxa a buques mercantes, conxeladores e, en xeral, a aqueles buques aos que polas súas características lles sea de aplicación a taxa do buque: 0,01995 €/GT** (aplicable ás tres primeiras escalas de cada ano natural nun porto español)

**1.b) Taxa a buques de pesca de altura e gran altura:**

1. Con base en porto español: **0,57 €/GT** en cada ano natural.
2. Sen base en porto español: A cota do ordinal anterior, entre o nº de días do ano natural e multiplicado polo nº de días de estancia que vaia a permanecer en augas xurisdicionais españolas.

**1.c) Taxa a buques de pesca de baixura ou litoral.**

1. Con base en porto español: **28,50 €** en cada ano natural.
2. Sen base en porto español: A cota do ordinal anterior, entre o nº de días do ano natural e multiplicado polo nº de días de estancia que vaia a permanecer en augas xurisdicionais españolas.

**1.d) Taxa a embarcacións de recreo con eslora  $\geq 9$  metros** se a súa propulsión é o motor e superior a 12 metros se a súa propulsión é a vela, que deban estar provistas de certificado de rexistro español, permiso de navegación ou rol de despacho ou dotación de buques

1. Con base en porto español: **9,12 €/m<sup>2</sup>** en cada ano natural.
2. Sen base en porto español: A cota do ordinal anterior, entre o nº de días do ano natural e multiplicado polo nº de días de estancia que vaia a permanecer en augas xurisdicionais españolas.

**1.e) Taxa embarcacións de recreo con eslora < 9 metros se a súa propulsión é a motor**, que deban estar provistas de certificado de rexistro español, permiso de navegación, ou rol de despacho ou dotación de buques, sen prexuízo do disposto no artigo 171.e) desta Lei:

1. Con base en porto español : **22,80 €/m<sup>2</sup>** nunha soa vez e validez indefinida.
2. Sen base en porto español: A cota do ordinal anterior, entre o nº de días do ano

natural e multiplicado polo nº de días de estancia que vaia a permanecer en augas xurisdicionais españolas.

□ Art. 171.e) **Estarán exentas do pago desta taxa, as embarcacións a vela con eslora non superior a 12 metros.**